

XORNADA

EDUCACIÓN, ARTESANÍA E INCLUSIÓN:

Novos desafíos para vellas demandas

— Salón Nobre e Claustro Colexio de Fonseca

28 de abril de 2023



www.usc.es/esculca



XORNADA
EDUCACIÓN, ARTESANÍA E INCLUSIÓN: NOVOS DESAFÍOS PARA VELLAS DEMANDAS
PROGRAMA

9.30 - 10.15h. Acto de apertura

10.15 - 11.30h. Relatorio: Artesanía, formación e inclusión: O caso de Andalucía

Relator: Antonio Suárez (Director Centro de Referencia Nacional de Artesanía.
Centro Albayzín)

Presenta: Iris Estévez Blanco (USC)

11.30 - 12.00h. Pausa con presentación de pósteres alumnado USC e CEE Manuel López Navalón

12.00 - 13.00h. Mesa Redonda: A artesanía como pilar de inclusión: do papel á práctica de entidades

Coordina: Alexandre Sotelino Losada (USC)

Participan:

Artefíos (A Coruña)

A Casa Rodante (Vigo)

CEE López Navalón (Santiago de Compostela)

13.00 - 15.30h. Descanso

15.45 - 18.00h Reapertura dos stands

18.00 h. Conclusións da xornada.

Javier Agrafojo Fernández

Iris Estévez Blanco

Alexandre Sotelino Losada



DESCRIPCIÓN DA XORNADA

A Fundación Artesanía de Galicia, Xunta de Galicia, O SEPIU da USC e a o Proxecto de Aprendizaxe-Servizo (ApS) “Hermés” teñen converxido nun propósito común que pretende poñer en valor as prácticas educativas que se fan desde centros de educación especial como o CEE Manuel López Navalón. Nesta singradura, están tamén diversas entidades que traballan para conquistar unha inclusión real de persoas con diversidade funcional a partir do aproveitamento dos recursos do medio e a artesanía. Deste xeito, e no marco do peche do citado proxecto de Aprendizaxe-Servizo (Proxecto Hermés. Responsable: Iris Estévez Blanco; Materia: Diversidade e Escola Inclusiva. Grado en Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grado en Mestre/a de Ed. Infantil e Primaria) presentaranse os traballos elaborados polo alumnado derivados na súa programación na ApS. Tamén se dará lugar a exposición dos produtos elaborados polo estudiantado dos diferentes módulos de FP (artesanía, restauración, tecidos, cultivos e carpintería) do centro CEE Manuel López Navalón e tamén a mostra de entidades que traballan para a venda de produtos artesáns realizados por persoas con diversidade funcional.

Asemade, coa celebración desta xornada procúrase a posta en valor da actividade profesional e social de diferentes entidades do ámbito da discapacidade e a promoción e difusión dun novo modelo de inserción laboral das persoas con diversidade funcional xunto coa Fundación de Artesanía de Galicia. Así, dúas entidades do sector que realizan pezas de artesanía co selo de Artesanía de Galicia exporán tamén os seus produtos na xornada.

Asistirán, ademais, asociación do sector coas que a USC ten proxectos con persoas voluntarias en marcha, e dende a Fundación Artesanía de Galicia invitarán a artesáns e artesás, a fin de que se xere un espazo de aprendizaxe e intercambio de información entre os diferentes axentes involucrados: Comunidade educativa do centro de Educación Especial (alumnado, familias e profesorado), comunidade universitaria (estudiantado, profesorado, SEPIU e vicerreitorado), entidades, asociacións, e representantes da administración pública.

COMITÉ ORGANIZADOR

Dirección Académica

Iris Estévez Blanco (GI Esculca, USC)

Dirección técnica

Javier Agrafojo Fernández (SEPIU, USC)

Elena Fabeiro Castro (Fundación Artesanía de Galicia. Xunta de Galicia)

Secretaría

Alexandre Sotelino Losada (GI Esculca, USC)

Equipo

Patricia A. Ruido (GI Esculca, USC)

Alba Souto-Seijo (GI-Mistura, USC)

David García Romero (GI Esculca, USC)

Bibiana Regueiro Fernández (GI Esculca, USC)

Cristina Varela Portela (GI Esculca, USC)

Pablo Muñoz Carril (GI-Mistura, USC)

Tania Vieites Lestón (GI-GIPED, UDC)

Susana E. González Amado (CEE Manuel López Navalón)

María del Carmen Alvite Caamaño (CEE Manuel López Navalón)

María Varela Blanco (CEE Manuel López Navalón)

José Manuel Parada Maroño (CEE Manuel López Navalón)

Manuel Torrado Andrade (CEE Manuel López Navalón)

CONTACTO.

alexandre.sotelino@usc.es / 881813780

Facultade de Ciencias da Educación

R/ Xose Maria Suarez Nuñez s/n. Campus Vida

15782 — Santiago de Compostela

INSCRÍBETE
AQUÍ

